


crítica literaria

FUME TATUADO NOS OLLOS

Por Yolanda Castaño

Dores Tembrás
O POUSO DO FUME



Espiral Maior
Poesía

Dores Tembrás entra no espazo con paso fino e depurado. Entra no espazo da poesía galega co seu primeiro poemario, *O pouso do fume*, editado en Espiral Maior cunha fermosura branca e gris da que tamén é responsable Manuel Suárez.

Pero é que a poesía de Dores Tembrás tamén é fina e depurada, elegante, algo que se cadra non resultaría até tal punto valioso e resplandecente se non fose aplicado a un poemario de ambiente fondamente rural.

O rotundamente natural mestúrase aquí cun culturalismo ben integrado, ensaiando un equilibrio que escintila de veracidade e sabedoría. Por iso unha nova Ofelia, máis real e nosa, non afoga servil á ollada daquel para quen é musa, senón que volve do muíño e acabará comesta polas vacas.

Paseando polas páxinas de *O pouso do fume*, sentímonos asomar á infancia do suxeito poético na aldea. Somos tenras e conmovidas *voyeurs* camiñando anos atrás para sorprendela pisando uva, mazando toxo na bañoca, fregando a cociña de ferro, tisanando os dedos, lavando panos de peto no río d'abaixo. Toda a riqueza evocadora e nostálxica dun mundo que pouco a pouco se vai perdendo entre as nosas mans.

A historia íntima dese pasado familiar é despregada aquí co detalle que nos fai asistir ás estampas, personaxes e sucesos coma referencias ben concretas e persoalísimas, dotadas dese aire confesional que nos outorga a nosa posición de *voyeurs*.

A arela de impedir que ese fermoso mundo se perda (o abandono do rural únese aquí ao paraíso perdido da infancia) vaise fixar neste libro a través da memoria e da súa documentación delicadísima, amorosa. Á fin e ao cabo, hai quen fala da existencia dunha sorte de blefarite conxénita vencellada á vida rural galega xunta a lareira, un verdadeiro pouso do fume que inflamaba as pálpebras de nais a fillas ("*tatuado nos ollos/ levamos o pouso*"). É así que a cicatriz desa memoria da aldea se loce e coida orgullosa como a metralla gañada na época máis intensa dunha vida.

Así e todo, é probable que Dores Tembrás, nacida en Bergondiño no ano 1979, constituía precisamente unha das últimas persoas capaces de ter contemplado ante os seus ollos a perspectiva desa xigantesca e calada metamorfose. Nunha mesma e non longa vida -a súa- asistir ás pestes dos limoeiros, ás alancadas da couza e ao vagaroso esboroamento de todo ese universo até o que hoxe acreditamos fronte ás nosas pupilas.

Normal que ese fume querido aniñase nos seus ollos para sempre.